

RECURSO DE REPOSICIÓN**RECLAMANTE:**

Apelidos e nome ou razón social

NIF

Domicilio

REPRESENTANTE (1):

Apelidos e nome ou razón social

NIF

Domicilio

DOMICILIO A EFECTO DE NOTIFICACIÓNS

Por medio deste escrito **INTERPOÑO RECURSO DE REPOSICIÓN** contra o seguinte acto administrativo (2):

Órgano administrativo que ditou o acto:

Acto contra o que se interpón o recurso:

Nº de expediente/referencia:

Data do acto:

Data de notificación:

Importe:

ALEGACIÓNS (3):**ADXUNTO A SEGUISTE DOCUMENTACIÓN (4):**

En consecuencia SOLICITO que tendo por presentado en tempo e forma este escrito, e os documentos que se acompañan, se teña por presentado RECURSO DE REPOSICIÓN contra o acto administrativo indicado (que non foi impugnado en vía económico-administrativa) e se adopte resolución pola que (PRETENSIÓN) (5)

.....de.....de.....
(Sinatura) (6)

ÓRGANO ADMINISTRATIVO AO QUE SE DIRIXE O RECURSO

Este modelo poderá utilizalo, se así o desexa, para presentar recurso potestativo de reposición.

(1) Representante.

No caso de que actúe por medio de representante, deberá incluír a súa identificación completa e acreditar a representación (acompañando o documento en que se confire a representación) por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna (poder bastante, documento privado con firma legalizada notarialmente, declaración en comparecencia persoal do interesado ante a Secretaria da Xunta Superior de Facenda).

(2) Identificación do acto contra o que se reclama.

Neste apartado deberá facer constar os datos que permitan identificar o acto que se impugna. Para facilitar a identificación, pode achegar fotocopia do acto contra o que se reclama.

(3) Alegacións.

Deberá facer as alegacións no escrito de interposición do recurso, sen que a súa falta sexa emendable

Se utiliza follas adicionais para expor as súas alegacións, indique o número total de follas que achega

(4) Documentación.

Neste espazo deberá relacionar e numerar a documentación que acompaña ao escrito. Se actúa por medio de representante, non esqueza achegar a este escrito o documento da representación conferida.

Se utiliza follas adicionais para enumerar os documentos, indique o número total de follas que achega.

(5) Solicitude.

Deberá indicarse con claridade a pretensión do interesado.

(6) Firma.

O escrito de interposición da reclamación deberá ser asinado polo interesado ou, no seu caso, polo seu representante, indicando lugar e data.

Utilización das Follas Adicionais.

Non esqueza cumprimentar en cada unha das Follas Adicionais que utilice, os Apelidos e Nome ou Razón Social e o NIF, así como asinar o escrito.

INFORMACIÓN ADICIONAL:

Normativa aplicable.

-Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (LXT):

-Real Decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei xeral tributaria en materia de revisión en vía administrativa (RGRVA).

Suspensión:

A soa interposición do recurso NON suspende a execución da débeda, é dicir se se interpón o recurso pero a débeda non se ingresa ou non se suspende esta seguirá o seu curso.

Para evitar que isto ocorra pódese optar por:

a) Pagar a débeda que foi recorrida:

Se se opta por pagar integramente a débeda recorrida ou ben solicitar o seu aprazamento ou fraccionamento, unha vez recibida a resolución do recurso, e sempre que sexa favorable ao interesado, a Administración procederá a devolver as cantidades que fosen ingresadas cos seus correspondentes xuros.

b) Solicitar a suspensión da execución do acto impugnado presentando a oportuna garantía, que deberá acompañarse obrigatoriamente coa solicitude, e indicar se estende os seus efectos a vía económico administrativa e contencioso administrativo.

O interesado deberá achegar garantía que cubra o importe da débeda recorrida, máis os xuros de demora que xere a suspensión e as recargas que puidesen proceder no momento da solicitude da suspensión.

Como excepción, se o que se recorre é unha sanción tributaria, a interposición do recurso suspenderá automaticamente a execución da sanción sen necesidade de achegar garantía algunha.